



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR (FUNDACIÓN
CETMAR) NO MARCO DA INICIATIVA DE DESENVOLVEMENTO DO SECTOR
ACUICOLA E PESQUEIRO ARTESANAL NA BAÍA DE SECHURA, PERÚ**

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Paloma Dolores Rueda Crespo, na súa calidade de directora xerente da Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (en diante Fundación CETMAR), clasificada como de interese benéfico-social por Orde da Consellería da Presidencia e Administracións Públicas do 2 de xullo de 2001 (DOG do día 13 do mesmo mes e ano), e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura do 20 de xullo de 2001 (DOG do día 27 do mesmo mes e ano), figurando inscrita co número 2001/15, e que intervéñ por conta e en representación da devandita Fundación, con capacidade para vinculala neste acto en exercicio das facultades delegadas por acordo adoptado polo seu Padroado na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2002.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia, de acordo co recto exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación para o desenvolvemento e co establecido no seu IV Plan Director (2018-2021), ten como desafío o reforzamento do modelo de actuación nos países prioritarios e comunidades socias, entre os que se atopa Perú, con base no establecemento de alianzas territoriais multiactor e multinivel, nos sectores de especialización da Cooperación Galega como é o caso do sector pesqueiro e acuícola.

Recta



Segundo.- Que en febreiro de 2015 tivo lugar a sinatura dun Memorando de Entendemento Marco de Cooperación entre o Ministerio da Producción da República do Perú e a Xunta de Galicia, para colaborar na posta en marcha de proxectos e iniciativas de cooperación técnica, científica, tecnolóxica e de xestión, que deriven na mellora da xestión, produción e comercialización dos produtos pesqueiros e acuícolas, e que incrementen o desenvolvemento das poboacións costeiras, mediante a explotación racional e sostible dos recursos hidrobiolóxicos.

Terceiro.- Que tendo en conta todo o anterior, no ano 2018 encargouse á Fundación CETMAR a realización dunha Misión de Identificación no ámbito da pesca e acuicultura artesanal, na que participaran os diferentes axentes e actores con experiencia na zona e sector de intervención e no que se recolleran especificamente as demandas e necesidades de apoio técnico das institucións de goberno en Perú.

Cuarto.- Que consonte á cláusula primeira do recentemente asinado Acordo Marco de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Fundación CETMAR, a Fundación Ayuda en Acción e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (ANFACO-CECOPESCA) para a posta en marcha dunha Iniciativa de Desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura, Perú, serán asinados convenios coas diferentes entidades involucradas, onde se establecerán os detalles das actividades a executar por cada organización, de maneira conxunta e coordinada, e se determinen as obrigas orzamentarias de cada parte.

Quinto.- Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, órgano superior da Administración autonómica da cooperación para o desenvolvemento consonte o establecido no artigo 34 do Decreto 74/2018, de 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considera axeitado e conveniente a posta en marcha desta Iniciativa multiactor de desenvolvemento do sector pesqueiro e acuícola na Baía de Sechura en Perú.

A singularidade e especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza específica da entidade destinataria da subvención que cumpre coas prioridades sectoriais que recolle a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, así como a súa necesaria posta en marcha, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Sexto.- Por isto acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

**Xacobeo 2021**



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación CETMAR no marco da Iniciativa de Desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura, Perú.

A Iniciativa ten como obxectivo xeral o de contribuír ao desenvolvemento económico e social das comunidades costeiras da Baía de Sechura, departamento de Piura, Perú, incrementando a competitividade do sector a través do fortalecemento institucional e organizacional, a transferencia tecnolóxica e a sustentabilidade ambiental.

SEGUNDA.- Obrigas da Fundación CETMAR

A Fundación CETMAR deberá:

1. Executar a iniciativa referida na cláusula primeira.
2. Aportar 16.926,81€ para a execución do proxecto.
3. Para realizar esta aportación a Fundación CETMAR poderá recorrer aos seus medios propios ou a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura da Fundación CETMAR, quen asumirá os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.
4. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
5. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial e nos rexistros públicos, consonte co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións públicas de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Fundación CETMAR comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio e ao sometemento ás actuacións de supervisión





e control previstas nel, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

7. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas de Galicia.

8. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

9. Xustificar, previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia.

10. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.

11. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos obxectivos, resultados, prazo de execución ou variación do custo total do proxecto ou das partidas orzamentarias en máis dun 20% do inicialmente aprobado. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

TERCEIRA.- Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do custo total do proxecto, que se estima en trescentos trinta e catro mil vinte catro euros con sesenta e sete céntimos (334.024,67€), aboará á Fundación CETMAR a contía máxima de trescentos dezasete mil noventa e sete euros con oitenta e sete céntimos (317.097,87€), con cargo ás aplicacións orzamentarias e distribución seguintes:

Aplicación	2019	2020	2021
05.26.331A.490.0.	89.849,75	110.436,71	108.611,41
05.26.331A.790.0.	3.900,00	-	4.300
Total	93.749,75€	110.436,71€	112.911,41





CUARTA.- Pagos anticipados

Trala sinatura do presente convenio e previa petición da Fundación CETMAR, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea concederá un anticipo pola contía máxima do importe da anualidade correspondente ao ano 2019, de acordo co previsto na Disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos que conleva a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pago da subvención das anualidades 2020 e 2021 efectuarase mediante pago anticipado do 100% da subvención concedida para cada unha das anualidades, unha vez xustificada a anualidade anterior correspondente e previa petición da Fundación CETMAR.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que a Fundación CETMAR indique mediante a presentación da certificación expedida por ela, na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

QUINTA: Xustificación dos pagamentos

Para a xustificación das anualidades 2019 e 2020 a Fundación CETMAR deberá presentar:

- Informe anual sobre as tarefas realizadas e os resultados obtidos.
- Certificación dos gastos realizados e pagados co importe da subvención concedida en cada anualidade pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

J. Rueda





A xustificación final efectuarase por parte da Fundación CETMAR mediante a presentación da xustificación técnica e económica da execución das actividades subvencionadas, nun prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e con data límite o 31 de marzo de 2022.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos realizarase de conformidade co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007.

A Fundación CETMAR deberá presentar:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Unha certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo secretario da Fundación.
- Unha certificación da totalidade dos gastos realizados e pagados na execución deste convenio, expedida polo secretario da Fundación.
- Unha declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

SEXTA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.





SÉTIMA.- Publicidade

A Fundación CETMAR obríbase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade.

OITAVA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, e un representante da Fundación CETMAR.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desistimento da Fundación CETMAR.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Rece



[Signature]



DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021, incluíndo as actuacións iniciadas dende o mes de xaneiro de 2019, conforme ao establecido nos artigos 2 apartado 1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da execución anticipada e conforme, a plena satisfacción, dos gastos cofinanciados pola achega da Xunta de Galicia.

UNDÉCIMA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión Mixta, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

DUODÉCIMA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro por incumprimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acredítase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade destas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais a que proceda.





Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO CUARTA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase por duplicado polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

**O VICEPRESIDENTE E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA**



Alfonso Rueda Valenzuela

**A DIRECTORA XERENTE DA
FUNDACIÓN CETMAR**



Paloma Dolores Rueda Crespo

ANEXO

OBXECTIVO XERAL: Contribuír ao desenvolvemento económico e social das comunidades costeiras da baía de Sechura, departamento de Piura, Perú.

OBXECTIVO ESPECÍFICO: Incrementar a competitividade do sector pesca artesanal e acuicultura na Baía de Sechura a través do fortalecemento institucional e organizacional, a adopción de tecnoloxías e a sustentabilidade ambiental.

Resultado 0: Definición dos mecanismos de xestión técnica e financeira para a execución do proxecto e firma de acordos

Actividade 0.1. Constitución da estrutura de xestión da acción

Actividade 0.2. Revisión e planificación do traballo

Actividade 0.3. Seguimento e control da acción

Resultado 1: Fortalecida a coordinación interinstitucional e a participación sectorial no deseño e implementación de políticas estratéxicas para pesca artesanal e acuicultura en Sechura

Actividade 1.1. Establecemento dos mecanismos de coordinación e comunicación interinstitucional

Acción 1.1.1: Lanzamento oficial do proxecto

Acción 1.1.2: Celebración dun encontro partes interesadas para a constitución/ convocatoria dunha Mesa Técnica

Acción 1.1.3: Visita ao Centro de Acuicultura La Arena

Acción 1.1.4: Reunión de traballo- leccións aprendidas

Actividade 1.2. Deseño e elaboración dun Plan Operativo para o desenvolvemento da pesca artesanal e acuicultura na Baía de Sechura

Actividade 1.3. Fortalecemento de capacidades en participación e gobernabilidade en autoridades locais e funcionarios públicos do municipio en materia de pesca artesanal, acuicultura e control do expendio

Resultado 2: Mellorada a empregabilidade dos profesionais do sector pesqueiro e acuícola

Actividade 2.1. Recoñecemento de profesións e ocupacións asociadas ao sector pesca e acuicultura

Acción 2.1.1: Caracterización do sector e/ou profesións técnicas

Acción 2.1.2: Creación dunha comisión/mesa técnica

Acción 2.1.3: Desenvolvemento de Normas de competencia para o sector da pesca e a acuicultura



Xacobeo 2021



Resultado 3: Introducidas melloras tecnolóxicas na cadea produtiva de cuncha de abanico na Baía de Sechura

Actividade 3.1. Asesoría técnica para mellorar a xestión operativa dos DPAs Parachique e As Delicias na Baía de Sechura

Resultado 4: Identificadas oportunidades de diversificación na baía de Sechura.

Actividade 4.1. Identificación de novas especies e áreas aptas para diversificación acuícola na Baía de Sechura

Actividade 4.2. Deseño e elaboración dunha guía técnica "Oportunidades de diversificación"

Actividade 4.3. Seminario "Oportunidades de diversificación acuícola na Baía de Sechura"

Actividade 4.4. Implementación de proxecto piloto de diversificación acuícola

Acción 4.4.1: Selección de emprazamento para proxecto piloto diversificación

Acción 4.4.2: Posta en marcha de proxecto piloto de diversificación acuícola

Acción 4.4.3: Seguimento de proxecto piloto de diversificación acuícola

Acción 4.4.4: Apoio na presentación de iniciativas acuícolas a fondos concursables do PRODUCE

Resultado 5: Exploradas oportunidades de mellora para a xestión ambiental na Baía de Sechura

Actividade 5.1. Coordinación con Comité de Xestión e Seguimento da Baía de Sechura (CGSS)





FINANCIAMENTO

Financiamento Xunta de Galicia						
Concepto	Ano 2019		Ano 2020		Ano 2021	
Capítulos de gasto	Gasto corrente (cap.IV)	Gasto inversión (cap.VII)	Gasto corrente (cap.IV)	Gasto inversión (cap.VII)	Gasto corrente (cap.IV)	Gasto inversión (cap.VII)
Identificación	6.145,10					
Aluguer de inmobles	648,65		432,43		864,86	
Bens inventariables		3.900,00				4.300,00
Bens consumibles	4.740,00		3.945,14		8.360,00	
Persoal	30.446,60		51.641,29		47.078,16	
Servizos técnicos e profesionais	14.100,00		7.000,00		13.500,00	
Funcionamento en terreo	100,00		141,89		98,65	
Viaxes, aloxamento e axudas de custo	24.176,06		31.782,63		23.216,39	
Avaliación			6.000,00		6.000,00	
Gastos financeiros	300,00		300,00		300,00	
Gastos de xestión	9.193,34		9.193,34		9.193,34	
Total capítulos	89.849,75	3.900,00	110.436,71	-	108.611,41	4.300,00
Total anualidades	93.749,75€		110.436,71€		112.911,41€	

Achega Fundación CETMAR	16.926,81€
--------------------------------	-------------------

Total proxecto	334.024,67 €
-----------------------	---------------------

J. Rueda

